

Ola a todos e todas. Imos presentar o noso centro para o Programa 21 Días co Galego, cun pouco de poesía, cunhas coplas que preparamos para que coñezades un bocado, algo da escola e do lugar onde se atopa.

1º. Do colexio Campolongo,  
somos nenos rebuldeiros,  
da vila de Pontevedra,  
terra de vellos canteiros.

2º. Flúen ríos na cidade,  
como o Lérez e o Rons,  
tamén loce a nosa Ría,  
con garzas e mexillóns.

3º. Pasan pola Boa Vila,  
peregrinos e turistas,  
é Camiño Portugués,  
e de grandes deportistas.

4º. Polo centro da cidade,  
hai insignes monumentos,  
zona vella e boas prazas,  
pra xantar os bos pementos.

5º. Campolongo tivo Pazo,  
moita froita nun verxel,  
onde agora está a Xunta,  
era antes un cuartel.

6º. Temos un parque con río,  
con tubos canalizado,  
na zona de Campolongo,  
houbo trens estacionados.

TOD@S. Despedímonos agora,  
imos seguir co Programa,  
soerguendo o Galego,  
vinte días non é nada.